



## Continuidade en femenino

### Sara Muñiz

Directora de Manuel Vicente Mosquera e Hijos, S.A.,  
"Conservas Vieira" Vilanova de Arousa.

Referente renovador que aúna tradición, humildade  
e xuventude

Sara, de Vilanova de Arousa naceu en 1990, é un referente para Sereas pola súa continuidade empresarial en feminino, por reunir tradición familiar, mocidade e innovación nunha industria na que o sinal de identidade son as conservas artesanais, as que se fan con mimo, como outrora.



En decembro do ano 1989 Manuel Vicente Mosquera adquire a empresa propiedade de Hijos de J. González, constituíndo así a sociedade Manuel Vicente Mosquera e Hijos S.A. Ao falecer en 2015 deixa a administración en mans da súa neta Sara Muñiz con tan só 25 anos.

Sara medrou na fábrica de conservas, durante a su época de estudante traballaba os verans na fabrica do avó, realizando os memos traballos que as operarias, e a día de hoxe segue sendo "Sariña" ou a "neta do xefe", co-tempo foi adquirindo o coñecemento necesario, isto permitiulle coñecer de cerca de organización do traballo. Tras acabar a súa formación académica, realizou as prácticas formativas na empresa do seu avó, porque a súa intención naquel momento xa era unha sucesión cara aos netos (ela e máis Pablo Rey), xa que quería que alguén da familia realizase este control. Do mesmo xeito o expuxo en planta, deixando así ao seu outro neto, Pablo Rey Vicente, responsable do proceso de fabricación, estando este traballando á beira do seu avó durante moitos anos. Para Sara, a única forma de entender e dirixir unha empresa é coñecendo ao cento por cento todos os traballos que ali se realizan. "Non hai mellor forma de coñecelo que facelo".

Sara segue o consello do seu avó "Vaivos a ir ben", o único importante para que o negocio funcione é "portarse ben ca xente". Renovarse e conservar a tradición ese é o lema de Sara e de Conservas a Vieira.

**#incansables #loitadoras #traballadoras #amables  
#humildes #compañeiras #fortes #esenciais**



Fundación Clúster de Conservación  
de Productos del Mar



**DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA**